



CIRCULAR INFORMATIVA 26/2025

RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 26.11.2025

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 26.11.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse dúas novas altas na colexiación (unha como exercente e outra como non exercente) e catro baixas de non exercentes.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 10 informes de honorarios para taxacións de custas (9 de materia bancaria e 1 sobre execución de títulos xudiciais).
3. **Convocatoria de xunta xeral 2ª/2025.** Acordouse convocar a segunda xunta xeral deste ano para o vindeiro 18 de decembro. O texto da convocatoria enviarase por circular nos próximos días.
4. **Protocolo de actuación para a asistencia e o asesoramento a vítimas de vioxen e persoas investigadas.** Aprobouse, en colaboración co ICA da Coruña, o protocolo de actuación en relación coas designacións de xustiza gratuíta para as vítimas de violencia de xénero e persoas investigadas, con entrada en vigor o 01.10.2026 coincidindo coa posta en funcionamento da Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago. O protocolo enviarase por circular aos letrados/as da quenda nos próximos días.
5. **Exención de cotas a letrados/as maiores de 75 anos.** Acordouse a exención das cotas colexiais un colexiado exercente maior de 75 anos.
6. **Solicitudes de cambio de avogado de oficio.** Atendéronse dous oficios remitidos polos xulgados de Santiago nos que se solicitaba o cambio de letrado da quenda de oficio e adoptáronse os acordos correspondentes.
7. **Queixa dunha avogada da quenda de oficio.** Tomouse recibo da queixa presentada por unha avogada do servizo de asistencia ao investigado, a quen lle denegaron a entrega da copia dun atestado. Acordouse reiterar aos corpos e forzas de seguridade o criterio deste colexio para que non se volvan producir este tipo de incidencias.
8. **Recursos de alzada contra acordos tomados en expedientes disciplinarios.** Acordouse remitir os recursos de alzada presentados xunto coa copia dos expedientes respectivos ao Consello da Avogacía Galega para a súa tramitación e resolución.
9. **Estudo para a creación dunha quenda de estranxeiría.** Debido ao constante incremento das solicitudes de xustiza gratuíta en relación con temas de estranxeiría, acordouse iniciar os estudos e os trámites necesarios para a creación dunha quenda específica de estranxeiría.